



# PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

## ÍNDICE

1. PLAN ANUAL
  - 1.1 OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO PARA ESTE CURSO
  - 1.2 MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A SÚA EXECUCIÓN
  - 1.3 RECURSOS PREVISTOS 2.
2. HORARIO XERAL DO CENTRO
  - 2.1 HORARIO LECTIVO
  - 2.2 HORARIO DE VERÁN
3. ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS
  - 3.1 TRANSPORTE
  - 3.2 COMEDOR
  - 3.3 MADRUGADORES
  - 3.4 GABINETE PSICOPEDAGÓXICO
4. APARTADO 3 DA ORDE DO 22 DE XULLO DE 1997
  - 4.1 ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO DE NEE
  - 4.2 CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA
  - 4.3 PLAN DE ACTUACIÓN DOS ORGANOS COLEXIADOS
  - 4.4 PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS E DO EQUIPO DIRECTIVO
  - 4.5 PLAN DE ACCIÓN TITORIAL
  - 4.6 QUENDAS DE VIXIANCIA DOS RECREOS



4.7. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DE REUNIÓNS

4.8. ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

4.8.1 RESULTADOS DA PREGUNTA AOS PAIS, NAIS E TITORES/AS SOBRE A LINGUA MATERNA PREDOMINANTE.

4.8.2. CADRO RESUMO DAS ÁREAS DE CASTELÁN, GALEGO E INGLÉS DE ACORDO CO DECRETO 79/ 2010 DO 20 DE MAIO PARA O CURSO.

4.8.3. PROPOSTAS NA PLANIFICACIÓN LINGÜÍSTICAS DO CENTRO.

4.9. ACTIVIDADES A DESENVOLVER PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

4.10. ADDENDA DAS SECCIÓNS BILINGÜES

4.11. LIBROS DE TEXTO E MATERIAIS CURRICULARES

4.12. PROGRAMACIÓN ANUAL DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

4.13. TAREFAS EXTRAESCOLARES

5. DECRETO 130/2007 E 133/2007

5.1 PROXECTO LECTOR

5.2 PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICS E AULA ABALAR

6. PLAN DE FORMACIÓN DO PROFESORADO



Esta Programación Xeral Anual foi aprobada polo Claustro de profesores o 7 de setembro e polo Consello Escolar o 27 de setembro do ano 2023

## 1. PLAN ANUAL

### 1.1 OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO PARA ESTE CURSO

Dentro do ámbito de relación dos membros da comunidade escolar, os obxectivos que propón o centro cara a este curso son:

1. Participación dos mestres na toma de decisións e colaboración coa Dirección do Centro.
2. Crear un clima de convivencia que incite ao traballo en equipo.
3. Conseguir que o Centro sexa un lugar idóneo para que os mestres se desenvolvan profesionalmente, mediante o intercambio de experiencias e innovacións educativas.
4. Conseguir o respecto da Comunidade Educativa.
5. Valorar o traballo como punto importante na vida do Centro e para o desenvolvemento da personalidade dos alumnos.
6. Predominio dos valores morais sobre os rendementos académicos inmediatos.
7. Evitar todo tipo de discriminación en función das capacidades, razas, sexo ou relixión; tendo en conta que é un Centro con nenos de necesidades educativas especiais.
8. Lograr que os alumnos se sintan responsables da vida do Centro e que resolvan todos os conflitos mediante o diálogo, endexamais co emprego da forza.
9. Conseguir que os alumnos tomen contacto coa natureza e valoren o espazo onde viven.
10. Preocupación no Centro pola seguridade vial e pola educación para a saúde.
11. Mellorar as habilidades sociais e habilitar estratexias de prevención e resolución de conflitos.
12. Reflexionar e informar sobre os problemas das drogas e do tabaquismo.

13. Implicar á familia, que é fundamental para favorecer o desenvolvemento dos nenos e nenas
14. Mellorar o sistema educativo de “educar para a vida”.
15. Favorecer a ampliación de actividades extraescolares dentro do contorno escolar.
16. Conservar e fomentar as tradicións típicas galegas
17. Ofrecerlles ás familias información sobre as distintas saídas profesionais.

No referente ao ámbito educativo pretendemos acadar os seguintes obxectivos :

**En Primaria:**

- a. Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b. Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c. Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d. Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e. Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f. Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g. Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

- h. Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- i. Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- j. Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- k. Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- l. Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- m. Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- n. Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.
- o. Proporcionarse información e facilitarase a adquisición de habilidades sobre as medidas de prevención e hixiene ao profesorado e persoal do centro, que á súa vez facilitarán a comunicación ao resto da comunidade educativa.
- p. Diseñaranse e implementaranse actividades de educación para a saúde. Así mesmo, estas actividades incluíranse de maneira transversal nos programas e actividades de educación e promoción da saúde que xa viñan desenvolvéndose, de maneira que se poida traballar a saúde de forma integral. Estas e outras actuacións levaranse a cabo desde unha perspectiva interdisciplinar e baixo as dúas liñas marcadas:
  - ✓ Hábitos de alimentación saudable.
  - ✓ Vida activa que inclúa a actividade física no día a día e ao longo da vida.

**En Secundaria:**

- a. Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b. Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c. Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles.
- d. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- e. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- f. Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- g. Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico.



- h. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- i. Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- j. Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- k. Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- l. Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- m. Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.
- n. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- o. Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- p. Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

- q. Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- r. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade.
- s. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- t. Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.
- u. Proporcionarase información e facilitarase a adquisición de habilidades sobre as medidas de prevención e hixiene ao profesorado e persoal do centro, que á súa vez facilitarán a comunicación ao resto da comunidade educativa.
- v. Diseñarase e implementaránse actividades de educación para a saúde. Así mesmo, estas actividades incluíranse de maneira transversal nos programas e actividades de educación e promoción da saúde que xa viñan desenvolvéndose, de maneira que se poida traballar a saúde de forma integral. Estas e outras actuacións levaranse a cabo desde unha perspectiva interdisciplinar e baixo as dúas liñas marcadas:
  - ✓ Hábitos de alimentación saudable.
  - ✓ Vida activa que inclúa a actividade física no día a día e ao longo da vida.

Ademais para corrixir as carencias detectadas no curso anterior, temos en conta os seguintes obxectivos:

- a. Incidir no estudo diario das materias e no traballo en equipo
- b. Coñecer e traballar co Plan de convivencia do centro.
- c. Potenciar os hábitos de lectura para conseguir maior comprensión lectora.
- d. Potenciar o compañeirismo e a non discriminación, educar para a igualdade.
- e. Potenciar a reflexión, concentración e atención.
- f. Fomentar o traballo por competencias integradas nos elementos curriculares.
- g. Mellorar o espírito emprendedor do alumnado e orientalos hacia traxectorias adecuadas ás súas potencialidades.
- h. Traballar e fomentar o uso das novas tecnoloxías para combinar a ensinanza presencial coa ensinanza online.

## 1.2. MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A SÚA CONSECUCIÓN

O obxectivo da nosa avaliación é valorar e analizar os resultados acadados respecto a fins previstos. É un medio para mellorar a actividade educativa do centro e as diversas tarefas, recursos e membros da comunidade educativa que interveñen durante a mesma.

A avaliación é unha actividade permanente que estará presente en todos os momentos da aprendizaxe e require :

- Unha avaliación inicial do alumno, dos seus coñecementos previos, capacidades e actitudes.
- Unha avaliación continua que terá en conta o progreso do alumno no conxunto das áreas de aprendizaxe.
- Unha avaliación final que valore o grao de conquista dos criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave.

### Avaliación en Primaria

A nosa avaliación nesta etapa escolar será continua e global e levarase a cabo tendo en conta os obxectivos e criterios de cualificación establecidos no currículo, que se espera teñan acadado os alumnos-as, nun momento determinado respecto das competencias indicadas polos obxectivos xerais. Haberá dous tipos de avaliación:

Avaliación continua que terá en conta o progreso do alumno no conxunto das áreas de aprendizaxe, estableceranse as medidas máis axeitadas para que as avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado.

**Proba de Avaliación interna ao remate de 4º curso** de primaria que se realizará no propio centro e na que se valorará a comprensión oral e escrita, e o cálculo e a resolución de problemas matemáticos. No caso de resultados desfavorables, o equipo docente adoptará as medidas educativas oportunas.

**Proba de Avaliación externa ao finalizar 6º curso de primaria** na que se comprobará o grao de adquisición que acadou o alumno nas distintas competencias e se acadou ou non os

obxectivos da etapa. Os resultados obtidos serán indicativos do nivel acadado por cada alumno e serán recollidos nun informe que terá carácter informativo e orientador.

### Promoción en Primaria

Intimamente relacionado coa avaliación estará a decisión do profesorado sobre a promoción de alumnos dun curso a outro. A repetición debe ser un recurso excepcional posterior ó emprego doutros medios e só empregado cando existan garantías razoables de que esta medida contribuirá a unha solución eficaz das dificultades do alumno. Os alumnos de educación primaria accederán dun curso a outro sempre que acaden os obxectivos, de non ser así repetirán unha soa vez durante a etapa cun plan específico de reforzo, recuperación e apoio. Atenderase especialmente en consideración á información e o criterio do titor e os resultados das probas das avaliacións individualizadas en 3º e 6º curso.

### Criterios de promoción en Primaria

Tendo en conta que a finalidade fundamental da educación escolar é que o alumno desenvolva as competencias básicas cada alumno necesitará pois dun estudo individualizado e cualitativo de acordo cos factores académicos, sociais e familiares, de carácter, de capacidade, de interese, de motivación, etc. En consecuencia, nos casos difíciles e conflitivos, poderanse arbitrar adaptacións curriculares que permitan resolver estas dificultades tanto se se decide a promoción do alumno coma se non.

Segundo estas premisas o titor, ao final de cada curso e axudado polo resto do equipo docente, propondrá na avaliación de cada alumno as seguintes posibilidades:

1. Que o alumno acade a cualificación positiva en todas as áreas. Neste caso promociona de curso ou etapa.
2. Que o alumno xa teña repetido unha vez na etapa polo que non pode repetir máis. Neste caso promocionará de curso ou etapa por imperativo legal.

3. Que o alumno non acade a avaliación positiva en todas as áreas. Neste caso considerarase a conveniencia de que o alumno promocióne ou non ao curso ou etapa seguinte, a partir de da análise dos seguintes aspectos:

a. Valoración do progreso en cada unha das áreas. O carácter global da avaliación na Educación Primaria, permite que o profesorado poida adoptar decisións de promoción valorando o distinto peso formativo que poidan ter as distintas áreas. Pode darse o caso de que determinados alumnos promociónen con avaliación negativa nunha ou varias áreas. Con todo, convén matizar nestes casos as carencias específicas.

A conveniencia de permanecer nun curso determinado para acadar con maior solidez as aprendizaxes básicas, especialmente polo que se refire aos primeiros cursos, no que o alumno vai a aprender as técnicas instrumentais que lle serán imprescindibles para progresar nos seguintes. As repercusións, positivas ou negativas, que o cambio de grupo pode ter sobre o alumno, segundo o seu grao de integración, carácter e personalidade...

- b. A conduta do alumno e a influencia que puidera ter a mesma no seu grupo se promociona, ou no grupo novo se non o fai.
- c. A actitude cara o traballo, o progreso e o esforzo en función das súas capacidades.
- d. A opinión de pais ou titores legais, que serán informados e escoitados previamente ás resolucións que se tomen.
- e. A consulta ó Departamento de Orientación do Centro nos casos que proceda
- f. Calquera outra consideración particular que poida ser oportuna
- g. Tendo presente a valoración do progreso en cada unha das áreas (punto 3.a do apartado anterior) estimamos que pode ser necesario que o alumno repita
  - 1. Cando leve avaliación negativa nas áreas de Lingua Galega e Lingua Castelá
  - 2. Cando leve avaliación negativa na área de matemáticas e máis nunha das áreas de lingua (galega ou castelá).
  - 3. Cando leve avaliación negativa en tres áreas, independente das que sexan.

En todo caso, é imprescindible por parte do profesor titor e o equipo de profesores ter en conta os demais criterios para decidir acerca da promoción ou non dun alumno.

Establecido isto, consideramos que para que o alumno poida progresar adecuadamente ao curso seguinte debe acadar unhas aprendizaxes básicas establecidas para cada curso

### APRENDIZAXES BÁSICAS

#### 1º PRIMARIA

1. Aplicar os coñecementos gramaticais básicos.
2. Aplicar os coñecementos básicos sobre as regras ortográficas.
3. Expresarse de forma oral en diferentes situación con vocabulario axeitado.
4. Mostrar interese e gusto pola lectura.
5. Progresar na adquisición do hábito lector.
6. Ampliar o vocabulario a partir das experiencias da clase.
7. Comprender o sentido global dun texto.
8. Usar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar e preguntar.
9. Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
10. Interiorizar e utilizar as normas básicas de escritura e os seus aspectos gráficos.
11. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.
12. Comparar aspectos básicos das linguas que coñecen para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
13. Coñecer o funcionamento da biblioteca de aula.
14. Participar en situacións de comunicación respetando a quenda de palabra e as intervencións dos demais.
15. Ler, escribir e ordenar números enteiros distinguindo unidades e decenas.
16. Realizar operación e cálculos numéricos mediante diferentes procedimentos.
17. Identificar e resolver problemas da vida cotiá.

18. Iniciarse no coñecementos das unidades básicas de tempo.
19. Iniciarse no coñecementos do valor e as equivalencias entre as diferentes monedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea.
20. Coñecer as figuras planas básicas: círculo, cuadrado, triángulo e rectángulo.
21. Expresar verbalmente de forma sinxela o proceso seguido na resolución dun problema.
22. Recoller e rexistrar unha información que se poida cuantificar.
23. Traballar en equipo e adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as achegas alleas.

## 2º PRIMARIA

1. Realizar lecturas comprensivas de pequenos textos, adecuados a súa idade, nas linguas oficiais.
2. Saber expresar oralmente e por escrito, de feito organizado, feitos e experiencias próximos á súa realidade.
3. Aplicar os coñecementos gramaticais básicos.
4. Aplicar os coñecementos básicos sobre as regras ortográficas.
5. Expresarse de forma oral en diferentes situacións con vocabulario axeitado.
6. Mostrar interese e gusto pola lectura.
7. Progresar na adquisición do hábito lector.
8. Ampliar o vocabulario a partir das experiencias da clase.
9. Comprender o sentido global dun texto.
10. Usar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar e preguntar.
11. Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
12. Identificar, escribir, e en xeral, manexar números naturais de tres cifras distinguindo as unidades, decenas e centenas.
13. Realizar sumas e restas, con e sen levadas, empregando números naturais de tres cifras.



14. Resolver problemas sinxelos nos que sexa preciso a utilización de sumas e restas para acadar as solución adecuadas.
15. Recoller e rexistrar unha información que se poida cuantificar.
16. Traballar en equipo e adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as achegas alleas.
17. Saber Identificar o paso do tempo tendo en contra os distintos criterios: hora, día, semana, mes, estación e año.
18. Manter unha actitude positiva ante o traballo.
19. Identificar e resolver problemas da vida cotiá.
20. Coñecer o funcionamento da biblioteca de aula

### 3º PRIMARIA

1. Comprender textos orais e escritos axeitados ao seu nivel
2. Contar oralmente feitos experiencias en presente, pasado, futuro.
3. Comprende mensaxes orais.
4. Mantén diálogo sobre un tema escoitando aos demais e respectando as súas opinións.
5. Comprende textos sinxelos e responde preguntas sinxelas sobre eles.
6. Le con fluidez , entonación e velocidade correctas (60 p/m )
7. Distingue as ideas principais dun texto escrito.
8. Utiliza o dicionario.
9. Redacta textos curtos de 6 oracións, seguindo un orden establecido.
10. Coñece e aplica as regras básicas da ortografía: separación das palabras o final da líña, verbo haber, mp/mb , uso de j, -aba, gue, /gui, ce /ci, que/qui.
11. Utiliza os principais signos de puntuación : punto, interrogación e admiración.
12. Gramática
13. Identifica a posición da sílaba tónica.



14. Utiliza a concordancia entre o adxectivo o substantivo, pronome, o verbo
15. Recoñece substantivos e verbos dunha oración.
16. Sabe os números ata o 100.
17. Coñecer, comparar e descompoñer nas súas diferentes unidades, os números ata 999.999.
18. Escribir series ordenadas de números ascendentes e descendentes ata o 999.999.
19. Resolver sumas, restas levando, multiplicación de dúas cifras, e divisións dunha cifra.
20. Coñecer a relación entre a sumas e a resta.
21. Coñecer a relación entre a multiplicación e a división nas aplicacións aritméticas sinxelas.
22. Aplica o cálculo mental en sumas, restas, multiplicacións e divisións moi sinxelas.
23. Utiliza números ordinales ata o vinte. Resolve problemas con unha ou dúas operacións con aplicacións aritméticas sinxelas.
24. Coñece as unidades básicas de lonxitude, capacidade e masa.
25. Coñece e sabe utilizar as unidades de tempo: ano, mes, semana, día, hora minuto e segundo.
26. Coñece e sabe utilizar todas as moedas e billetes de euro.
27. Interpreta e elabora gráficos sinxelos

#### 4º PRIMARIA

1. Expresa oralmente feitos, sentimentos e experiencias, usando formas adecuadas á intención e ó contexto.
2. Realiza unha lectura comprensiva de textos.
3. Emprega coñecementos sobre os signos de puntuación para interpretar textos escritos e dar a entonación axeitada á súa lectura (sen silabear).
4. Fai uso de coñecementos básicos sobre a ortografía usa maiúsculas, o punto, a coma nas enumeracións, os puntos suspensivos, os signos de exclamación e interrogación; usa o za,

5. ce ,ci,zo, zu, ca, que,qui,co,cu, r e rr; usa o “m” antes de “p” e “b”; coñece o plural das palabras rematadas en -n,-d,-z; usa o “ll”,o “x” e o “nh”.
6. Escribe pequenos textos con coherencia.
7. Diferencia letra, sílaba, palabra e frase.
8. Comprende e usa o vocabulario axeitado ó seu nivel.
9. Recoñece os alfabetos galego e castelán e emprégao axeitadamente para a busca da información a busca de información.
10. Participa en coloquios repectando as opinións dos demais e as normas básicas: quendas de palabras,...
11. Utiliza o dicionario.
12. Le, escribe e ordena números naturais de ata sete cifras, interpretando o valor posicional de cada unha delas.
13. Realiza calculos numéricos con números de ata sete cifras, interpretando o valor posicional de cada unha delas. Identifica e resolve problemas sinxelos utilizando as operacións básicas de cálculo (suma, resta, multiplicación e división -por dúas ou máis cifras-) con números de ata sete cifras, e utiliza estratexias persoais de resolución (debuxar, colocar os datos en táboas,caixas,etc.)e expresa correctamente a resposta.
14. Recoñece formas xeométricas: triángulos, cuadriláteros,circunferencias...
15. Coñece as moedas e billetes actuais e resolve problemas sinxelos nos que se utilicen os cartos.
16. Coñece a medición do tempo cronolóxico: ano, mes, semana, día, hora, minutos, e sabe resolver problemas sinxelos con estes datos.
17. Ten acadada unha madurez axeitada o seu nivel.
18. Ten unha actitude positiva ante o traballo.
19. Participa nas actividades da clase.
20. Esta integrado na clase.
21. Mostra respecto cara a si mesmo e os demais, cara o entorno e o material propio e alleo.

22. Persevera na busca de solucións na resolución de problemas e expresa as operacións realizadas e os resultados de forma clara e ordenada.

23. Presenta os traballos con claridade, lexibilidade e limpeza.

### 5º PRIMARIA

1. Le cunha velocidade axeitada ó seu nivel, respectando os signos de puntuación e coa entoación e o ritmo axeitados.
2. Despois de ler un texto, comprende preguntas directas, indirectas e de razoamento acerca do lido utilizando estratexias para facilitar a comprensión, como son o uso do dicionario, consulta doutras fontes, avanzar e retroceder...
3. É quen de inventar pequenas historias, desenvolver un tema, facer cómics, describir persoas, animais e lugares, e inventar diálogos, presentando de forma organizada os feitos, ideas ou vivencias.
4. Coñece as normas ortográficas estudadas en cursos anteriores e as estudadas no curso no que se atopa.
5. Comprende as mensaxes orais, captando a idea principal e as secundarias máis salientables.
6. Usa con naturalidade e nalgunhas situacións acordes, o galego e o castelán, e coñece as principais diferenzas entre as dúas linguas.
7. Identifica nos textos de uso habitual os elementos básicos que constitúen a oración simple e diferencia substantivos, adxectivos, verbos, os determinantes e os pronomes persoais.
8. Disfruta da lectura de textos acordes a súa idade que lle permitan elaborar o seu propio pensamento creativo.
9. Ten un vocabulario básico acorde a súa idade.
10. Escribe, le e ordena correctamente os números con e sen decimais ata as centenas de millón e sabe operar con eles.
11. Coñece os conceptos de fracción e suma e resta fraccións cun mesmo denominador.
12. Calcula a porcentaxe dunha cantidade.
13. Calcula múltiplos e divisores.



14. Coñece as medidas de peso, lonxitude, capacidade e sabe ordenalas e calcular as equivalencias entre as unidades de cada unha delas.
15. Recoñece e describe as figuras planas e os seus elementos principais, os ángulos e as formas e corpos xeométricos do contorno, e utiliza as nocións xeométricas de simetría, paralelismo, perímetro e superficie.
16. É quen de resolver problemas nos que se apliquen os conceptos estudados e traballados neste nivel.
17. Coñece as unidades de tempo máis usuais e sabe operar con elas.
18. Persevera na busca de solucións na resolución de problemas e expresa as operacións realizadas e os resultados de forma clara e ordenada.
19. É quen de interpretar gráficas, diagramas e táboas adecuados a este nivel.
20. Sabe empregar a regra, o compás e o transportador de ángulos nos traballos.
21. Fai estratexias de cálculo.
22. Ten acadada unha madurez axeitada ó seu nivel.
23. Presenta os traballos con claridade, lexibilidade e limpeza.
24. Utiliza as novas tecnoloxías de modo eficiente e responsable nas súas creacións.
25. Elabora esquemas como ferramentas de estudo e comprensión distinguindo as ideas principais e secundarias e a súa relación.

## 6º PRIMARIA

1. Realiza sumas, restas, multiplicacións e divisións con e sen decimais, así como operacións combinadas.
2. Escribe, le e ordena correctamente os números ata as centenas de millar de millón, con e sen decimais.
3. Opera con números coñecendo a xerarquía das operacións.
4. Coñece e aplica os conceptos de divisibilidade.
5. Calcula cadrados, cubos e potencias de base 10.
6. Calcula e utiliza as porcentaxes.



7. Realiza sumas, restas, multiplicacións e divisións de fraccións, aplicando o m.c.m. ou o m.c.d. no caso de ser precisos
8. Coñece as medidas de peso, lonxitude, capacidade, masa, superficie e volume e opera con elas.
9. Recoñece e describe formas e corpos xeométricos do contorno e utiliza as nocións de simetría, paralelismo, perpendicularidade, perímetro e superficie.
10. Calcula a área das figuras xeométricas.
11. Coñece o sistema sesagesimal e realiza cálculos con el.
12. Realiza e interpreta representacións gráficas.
13. Interpreta textos numéricos da vida cotiá.
14. Desenvolve e aplica estratexias de razoamento para crear e defender posturas.
15. Analiza, selecciona a información relevante e resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.
16. Coñece, utiliza e automatiza algoritmos de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.
17. Ten unha actitude positiva ante o traballo
18. Participa nas actividades da clase
19. Presenta os traballos con claridade, lexibilidade e limpeza.
20. Exprésase de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións con vocabulario preciso e estrutura coherente.
21. Le cunha velocidade axeitada ó seu nivel, respectando os signos de puntuación e coa entonación e o fluidez axeitados.
22. Resume un texto lido reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais e secundarias nos distintos tipos de textos.
23. Comprende o sentido global dun texto recoñecendo as ideas principais, as secundarias e identifica ideas ou valores non explícitos.



24. Escribe textos propios con diferentes intencións comunicativas con coherencia, respectando a súa estrutura e aplicando as regras ortográficas coidando a caligrafía, orde e presentación.
25. Aplica os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así coma as regras de ortografía para favorecer unha comunicación eficaz.
26. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal
27. Utiliza as Tecnoloxías da Información e a Comunicación de modo eficiente e responsable para a procura e tratamento da información.
28. Coñece a variedade lingüística de España e do español como fonte de enriquecemento cultural. Mostra respecto tanto cara ás linguas e dialectos que se falan en España, como cara ao español de América.
29. Integra a lectura expresiva e a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar e recoñece e interpreta algúns recursos da linguaxe literaria (metáforas, personificacións, hipérboles e xogos de palabras), e diferencia as principais convencións formais dos xéneros.
30. Coñece e valora os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns ou adiviñas.

### ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

Para os nenos con necesidades educativas especiais séguese o disposto na Orde do 23 de novembro de 2007, no artigo 5º.2: A efectos de promoción o referente serán sempre os obxectivos e criterios establecidos na adaptación curricular correspondente. Ao rematares o curso para o que se realizou a adaptación curricular, o titor ou titora, xunto co profesorado que imparte as áreas ou materias obxecto de adaptación e mailo Departamento de Orientación, oídos os pais ou titores legais, determinarán a pertinencia da promoción de curso, a necesidade dalgunha adaptación curricular no curso seguinte e, de ser o caso, as liñas xerais da mesma.



A avaliación será **continua**, formativa e integradora en canto que forma parte do proceso de ensino aprendizaxe e terá carácter formativo, e orientador permitindo detectar as dificultades no momento que se producen e, en consecuencia, incorporar medidas de ampliación, enriquecemento, reforzo ou de adaptación que permitan garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo do alumnado e unha mellor adecuación da práctica docente.

Ao comezo de cada curso e coa finalidade de adecuar as ensinanzas de cada materia ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe, o profesorado que imparta docencia no grupo realizará **unha avaliación inicial**, incidindo na obtención de información sobre os coñecementos previos do alumnado en cada unha das materias e o grao de desenvolvemento das competencias básicas. A avaliación incluírá a análise dos informes persoais da etapa ou curso anterior e completárase coa información obtida a través da persoa titora. A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno. En secundaria, ao finalizar cada un dos cursos, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente tomará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado.

Ao remate de 4º da eso farase unha Proba Externa de Avaliación que debe cumprir os seguintes requisitos:

- ✓ Obter unha avaliación positiva en todas as materias.
- ✓ Ter avaliación negativa nun máximo de dúas materias que non sexan matemáticas, lingua castelá ou lingua galega.
- ✓ Poderá realizarse tanto pola opción de ensinanzas académicas ou aplicadas.





O profesorado decidirá colexiadamente a promoción do alumnado. O alumnado promocionará ao curso seguinte cando teña superados os obxectivos das materias cursadas ou teña avaliación negativa en dúas materias como máximo, sempre e cando estas non sexan matemáticas, lingua castelá ou lingua galega.

Estimamos que pode ser necesario que o alumno repita:

1. Cando leve avaliación negativa nas áreas de Lingua Galega e Lingua Castelá.
2. Cando leve avaliación negativa na área de matemáticas e máis nunha das áreas de lingua (galega ou castelá).
3. Cando leva avaliación negativa en tres áreas, independente das que sexan.

Excepcionalmente, o equipo docente poderá autorizar a promoción con avaliación negativa en tres materias, se considera que a natureza destas non lle impide ao alumnado seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a dita promoción beneficiará a súa evolución académica. Coa finalidade de lle facilitar ao alumnado a recuperación das materias con avaliación negativa os centros organizan as probas extraordinarias en cada un dos cursos.

O alumnado que promocióne sen ter superadas todas as materias seguirá un programa de reforzo educativo destinado a recuperar as aprendizaxes non adquiridas e deberá superar a avaliación correspondente ao devandito programa.

Esta circunstancia será tida en conta para os efectos das cualificacións das materias non superadas, así como aos de promoción e, se é o caso, a obtención do título de graduado ou graduada en educación secundaria obrigatoria.

O alumnado que non promocióne permanecerá un ano máis no mesmo curso e seguirá un plan de reforzo educativo podendo recuperar esa materia ao longo do curso.

O alumnado poderá repetir o mesmo curso unha soa vez e dúas veces como máximo dentro da etapa. Excepcionalmente, unha alumna ou alumno poderá repetir unha segunda vez en cuarto curso se non repetiu en cursos anteriores desta etapa.

No cómputo das materias para efectos de promoción, consideraranse tanto as materias non superadas do propio curso como as de cursos anteriores. As materias coa mesma denominación en diferentes cursos da educación secundaria obrigatoria consideraranse como materias distintas.

### Adaptacións

Atenderase a diversidade dos alumnos e faranse para dar resposta as diferentes capacidades e ritmos do alumnado. Para o alumnado con necesidades educativas especiais estableceranse as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o seu adecuado progreso a nivel educativo.

As A.C.I realizaranse buscando o máximo desenvolvemento das competencias básicas de acordo coas posibilidades do alumno. A avaliación tomará como referencia os obxectivos e criterios de avaliación fixados en ditas adaptacións, sen perxuízo que para efectos de promoción o referente sexan sempre os obxectivos establecidos para a etapa correspondente.

### Criterios de promoción

Os criterios de promoción nas diferentes etapas educativas (Infantil, Primaria e Secundaria) son os que marca a normativa vixente.

### Plans específicos para o alumnado que non promocióne de curso (primaria e secundaria)

Os titores e titoras do alumnado que repita curso realizará un seguemento específico dos mesmos, propoñendo a adopción das medidas que considere oportunas para a mellora do rendemento destes alumnos ao Equipo Docente e en coordinación co Departamento de Orientación e Gabinete Psicopedagóxico.

Cos alumnos que repiten curso tomaranse as seguintes medidas:

- Contacto periódico coas familias



- Inclusión deste alumnado no programa de apoios e reforzos, adicando as horas acordadas nas materias que o Equipo Educativo considere preciso.
- Seguemento específico por parte do/a titor/a.

### Plans específicos para o alumnado que teña materias suspensas de cursos anteriores (secundaria)

Ademais de todo o anterior para os alumnos con materias pendentes de cursos anteriores realizaremos unha programación adaptada cos obxectivos mínimos en cada unha das materias suspensas. Realizarase un exame por trimestre e outro final no mes de xuño. Os profesores encargados de impartir cada asignatura, entregarán tarefas de repaso das materias pendentes aos alumnos e resolverán dúbidas a través de Classroom.

### **1.3 RECURSOS PREVISTOS.**

Os criterios de selección dos materiais curriculares que sexan adoptados polos diversos departamentos seguen un conxunto de criterios homoxéneos que proporcionan resposta efectiva ás formulacións xerais de intervención educativa ó modelo didáctica anteriormente propostos.

De tal xeito, establécense oito criterios ou directrices xerais que perfilan a análise:

1. Adecuación ó contexto educativo do centro.
2. Correspondencias dos obxectivos promovidos cos enunciados no Proxecto Curricular.
3. Coherencia dos contidos propostos cos obxectivos, presenza dos diferentes tipos de contido e inclusión dos temas transversais.
4. A acertada progresión dos contidos e obxectivos, a súa correspondencia co nivel e a fidelidade á lóxica interna de cada materia.
5. A adecuación ós criterios de avaliación do centro.
6. A variedade das actividades, diferente tipoloxía e a súa potencialidade para a atención as diferenzas individuais.
7. A claridade e amenidade gráfica e expositiva.
8. A existencia doutros recursos que facilitan a actividade educativa.
9. Aprendizaxes online a través da plataforma G-suite.



Na organización do espazo o obxectivo é mellorar o clima, que posibilite a comunicación mais variada e rica entre o grupo humano de clase, que facilite o encontro con diversos materiais e recursos, que estimule a curiosidade e experimentación, o traballo cooperativo,... e onde sexa posible a expresión libre das necesidades e estados de ánimo dos nenos/as e do mestre /a. Por tanto a distribución de espazos formúlase a partir dos seguintes criterios:

- Incrementar as posibilidades de interacción de grupo.
- Potenciar na actividade escolar un grao de autonomía suficiente.
- Permitir o aproveitamento dos espazos alleos á propia aula.

## 2. HORARIO XERAL DO CENTRO

### 2.1 HORARIO LECTIVO

Os horarios das distintas etapas educativas son os seguintes:

- ✓ .INFANTIL: 09:00 - 14.00 de luns a venres
- ✓ PRIMARIA: 09:00 - 14:30 de luns a venres
- ✓ SECUNDARIA: 08:30 - 14:30 de luns a venres, e xoves pola tarde de
- ✓ 16:00 - 17:40

#### 2.1.1. DÍAS NON LECTIVOS

Os días non lectivos para este curso escolar marcados pola Consellería de Educación son os seguintes:

- ✓ Día do ensino 7 de decembro do 2023.
- LINGUA DE SIGNOS. “Vamos a signar” Fundación FCNSE. ISBN.9788495962386

LIBROS LECTURA:

(Só para os menos/as que elixan Proxecto competencial) TLhe thinkingtrain.  
Football fury.Helbling ISBN 9783990458501



### MATERIAIS 4º PRIMARIA

5 LIBRETAS GRANDES RISCADAS E UNHA CUADRICULADA -1 LIBRETA PEQUENA CUADRICULADA -1 LIBRETAS PEQUENAS RISCADAS -2 BOLIGRAFOS AZUL E VERMELLO-LAPIS, AFIALAPIS E GOMA -1 XOGO DE REGRAS -1 PAQUETE DE FOLIOS -1 CARPETA PLÁSTICO TIPO SOBRE -1 CAIXA DE TÉMPERAS (Serven as do ano pasado) -1 CAIXA DE PINTURAS OU CERAS -1 TESOIRA - PEGAMENTOPAPEL VEXETAL -1 CARPETA GRANDE (Para música) -1 PINCEL No 6 -1 BLOCK DE CARTOLINAS E UN BLOCK DE DEBUXO -COMPÁS - AXENDA ESCOLAR.

### LISTADO DE LIBROS 5º PRIMARIA

- MATEMÁTICAS: “Revuela 5º” trimestral- Editorial SM ISBN 9788419102812
- LINGUA CASTELÁ: “Fanfest 5º” Editorial Edelvives ISBN 9788414037867
- LINGUA GALEGA: “Proxecto Fan Fest 5º” Editorial Tambre. ISBN 9788490464212
- INGLÉS: “GoFAR! 5º STUDENT’S Pack” Editorial Richmond ISBN: 9788466836579 “GoFAR! 5º Activity Book” ISBN: 9788466836654
- C.NATURAIS: “Revoa 5º” Editorial SM ISBN 9788498548778
- C.SOCIAIS: “Revoa 5º” Editorial SM ISBN 9788498548808
- RELIXIÓN: “Proyecto construyendo mundos” Editorial Santillana ISBN 9788468071459
- MÚSICA: “Revuela” Editorial SM ISBN 9788413925417
- PLÁSTICA: “Arts and Crafts Primary 5º Primary” Editorial Richmond. ISBN 9788415867043
- LENGUA DE SIGNOS. “Vamos a signar” Fundación FCNSE. ISBN.9788495962386 (O mesmo que en 4º)
- DICCIONARIO DE GALEGO E DICCIONARIO DE LINGUA CASTELÁ. (Se non ten de cursos anteriores)



- DICCIONARIO DE INGLÉS OXFORD.POCKET. (Se non ten de cursos anteriores).





#### LIBROS DE LECTURA:

- El pequeño Nicolás. Sempé/Gosciny. Editorial Alfaguara. ISBN.9788420464473.
- Cartas de amor de 0 a 10: Susie Morgenstein Editorial SM. ISBN.9788467524888
- Dragón busca princesa: Purificación Menaya. Bambú. Editorial Casals ISBN 9788493482640
- Zoonetos Antón Cobrizas: Editorial Tambre
- A señorita Bubble Leticia Costas Editorial. Xerais.
- A noite da raíña Berenguela. Xosé Neira Cruz: Editorial Oxford

#### MATERIAL ESCOLAR 5º PRIMARIA

▪ BLOCK EXAME ▪ 4 CADERNOS GRANDES DE CUADRÍCULA (sen microperforado) ▪ 2 CADERNOS GRANDES RAIADOS (sen microperforado) ▪ 2 CADERNOS PEQUENOS DE CUADRÍCULA (valen do ano pasado se é para Música ou para proxecto Competencial ou Relixión). ▪ COMPÁS ▪ REGRA, CARTABÓN E ESCUADRA. ▪ PAPEL CEBOLA ▪ FRAUTA ▪ 2 CARPETAS ( se non ten do curso anterior). ▪ PEGAMENTO ▪ TESOIRAS ▪ BOLÍGRAFOS (azul e negro), LAPIS, GOMA... ▪ TÉMPERAS E PINCEL ▪ CERAS OU PINTURAS ▪ ROTULADORES ▪ BLOCK DE CARTOLINAS DE CORES (se non ten do ano pasado) ▪ BLOCK DE DEBUXO ▪ FOLIOS ▪ CHAVE USB ▪ 1 AXENDA ESCOLAR

#### LISTADO DE LIBROS 6º DE PRIMARIA.

- MATEMÁTICAS: Proyecto Construyendo mundos. Ed. Santillana 978-84-144-0772-1
- LINGUA CASTELÁ: Proyecto Fan Fest. Ed. Edelvives 978-84-140-4397-4



- LINGUA GALEGA: Proxecto Fan Fest Ed. Tambre 978-84-9046-574-5
- INGLÉS: Go Far! 6 Student's Pack Ed. Richmond 978-84-668-3658-6
- C. DE INGLÉS: Activity Pack Go Far! 6º Ed. Richmond 978-84-668-3666-1
- C. SOCIAIS: Proxecto Construindo mundos Ed. Santillana 978-84-9185-693-1
- C. NATURAI: Proxecto Construindo mundos Ed. Santillana 978-84-9185-669-6
- MÚSICA: Revuela Música y Danza 6º Editorial SM 978-84-985-6253-8
- PLÁSTICA: Sen libro.
- EDUCACIÓN EN VALORES CÍVICOS E ÉTICOS: Sen libro
- RELIXIÓN: Relixión Católica Construindo mundos Editorial: Santillana 978-84-9185-710-5
- PROXECTO COMPETENCIAL: Sen libro

LIBROS DE LECTURA DE GALEGO : An Alfaya O recendo das clementinas Ed. Tambre • Agustín Fernández Paz

- O Raio Veloz Edit: Oxford

LIBROS DE LECTURA LINGUA CASTELÁ E TEATRO:

- Carlos Peramo El mundial de fútbol más raro del mundo Edit. Edeb
- Nando López: Multiverso Shakespeare Edit. SM
- LINGUA DE SIGNOS : • O mesmo de 4º e 5º: Vamos a signar. Material de apoio para el aprendizaje de la lengua de signos para la Educación Primaria. A1 Edit: Fundación CNSE 978-84-95962-38-6
- Diccionario Visual. Lengua de signos española –Inglés-Español. Edit: Fundación CNSE 978-84-95962-45-4



### MATERIAL 6º DE PRIMARIA

- BLOCK DE FOLLAS DE EXAME • 6 CADERNOS GRANDES: 2 de raias e 4 de cadros • 2 CADERNOS PEQUENOS: 1 de raias e 1 de cadros • 1 PAQUETE DE FOLIOS • 1 BLOCK DE DEBUXO • BOLÍGRAFO AZUL E VERMELLO, LAPIS, GOMA • COMPÁS, REGRA, ESCUADRA E CARTABÓN • FRAUTA • 2 CARPETAS DE CARTÓN CON GOMAS (unha para plástica e outra para música) • PEGAMENTO • TESOIRAS • TÉMPERAS (as de anos anteriores) • LAPIS DE CORES OU CERAS DURAS • ROTULADORES (6 CORES) 1 AXENDA ESCOLAR

### LIBROS E MATERIAL\_1ºESO

- FRANCÉS: Club Parachute 1 Pack Eleve. Ed. Santillana. ISBN: 978-8 4- 904-9396-0
- Club Parachute 1 . Pack Cahier d'exercices. Ed. Santillana . ISBN: 978-8 4-904-9397-7
- XEOGRAFÍA E HISTORIA: 1 º ESO Xeografía e Historia. Construindo Mundos Ed. Santillana ISBN 978-8 4-9185-424-1
- BIOLOXÍA E XEOLOXÍA: 1 º ESO G - 1 ESO Bioloxía e Xeoloxía (GAL) 22. Ed. SM ISBN: 978-8 4-985-4897-6
- MATEMÁTICAS: 1 º ESO Matemáticas Construyendo Mundos Ed. Santillana. ISBN: 978-8 4-680-8260-8
- TECNOLOGÍA: 1 º ESO Tecnología y Digitalización I Construyendo Mundos Ed. Santillana. ISBN: 978-8 4-680-4935-9
- INGLÉS: 1 º ESO Burlintong Teamwork. Student's Book.Ed. Burlington Books. ISBN: 978-9925-3 0-457-8
- 1 º ESO Burlintong Teamwork. Workbook. Ed. Burlington Books. ISBN: 978-9925-3 0-509-4
- • LINGUA GALEGA E LITERATURA: Lingua Galega e literatura 1. Ed. Anaya. ISBN: 978-8 4-143-0512-6



- LENGUA CASTELLANA: 1º ESO Lengua castellana y literatura. Construyendo Mundos. Editorial Santillana. ISBN 978-84-680-4933-5

- LIBROS DE LECTURA DE LINGUA CASTELÁ:

1º Trimestre: “El fabuloso mundo de las letras” Autor: Jordi Sierra i Fabra. Ed: SM

2º Trimestre: “La canción de Amina” Autor: Sigrid Heuck. Ed: SM.

3º Trimestre: “Ojo de nube” Autor: Ricardo Gómez. Ed: SM

- LIBROS DE LECTURA DE LINGUA GALEGA:

1º Trimestre: “O mundo máxico de Lía” Autora: Eduardo Santiago. Ed. Xerais

2º Trimestre: “Tonecho de Rebordechao” Autor: Breogán Riveiro. Ed: Galaxia

3º Trimestre: “Tristes armas” Autora: Marina Mayoral. Ed. Xerais

- MATERIAL DE PLÁSTICA: Lapis 3H y HB; Afialápis, Compás; Escuadra e Cartabón (SEN BISELAR); Block de debuxo DIN-A4 (con ou sen marxe); Block de papeis surtidos “Sandipal”; Lapis de cores acuarelables; Ceras Manley; Caixa de acuarelas en pastilla calidade escolar; Rotuladores; Blister de barras de plastilina de varias cores; Tesoiras e pegamento en barra; Carpeta tamaño DINA4 para gardar todo o material de plástica e os traballos realizados. Ao longo do curso pódese pedir algún material máis en función do traballo a realizar. Para os exercicios de xeometría pódense reutilizar folios impresos por unha cara, cumprindo así o obxectivo de reciclaxe.

- PARA OS EXAMES: BLOCK DE EXAME CUADRICULADO DE TAMAÑO DIN-A4 OU FOLIOS EN BRANCO TAMAÑO DIN-A4 • DICCIONARIOS ESCOLARES: un de Galego, outro de Castelán e outro de Inglés. • AXENDA • LIBRETAS cuadriculadas tamaño DIN-A4, unha para cada asignatura.



### MATERIAL E LIBROS 2º ESO

- LINGUA GALEGA E LITERATURA: Ed.Anaya “Operación mundo” ISBN-978-84-143-2479-0
- LINGUA CASTELÁ E LITERATURA: Ed. Santillana Construyendo mundos ISBN: 978-84-144-0745-5
- INGLÉS: Teamwork 2 Student’s book. Ed.Burlington. ISBN-978-9925-30-462-2
- Teamwork 2 2 Workbook. Ed Burlington ISBN 978-9925-30-463-9
- LECTURAS INGLÉS: “Nurse Matilda” Autora: Christianna Brand. Ed. Burlington
- XEOGRAFÍA E HISTORIA: Ed.Santillana. Construindo mundos ISBN-978-84-9185-7198
- MÚSICA: Sen libro
- MATEMÁTICAS: Construyendo mundos. Ed. Santillana. ISBN 978-84-144-0865-0
- FÍSICA-QUÍMICA: Ed. SM. Revuelta ISBN-978-84-9856-140-1
- TECNOLOGÍA: Ed. Santillana Construyendo mundos ISBN: 978-84-680-4989-2
- FRANCÉS: Club Parachute 2 Livre de l’élève. Ed- Santillana Français ISBN 978-8490493984 Club Parachute 2
- Cahier d’exercices. Ed.Santillana Français ISBN 978-8490494004

### LECTURAS LINGUA CASTELÁ:

1º Trimestre: “Pomelo y limón”. Begoña Oro. Ed. SM (ISBN 9788467548082)

2º Trimestre:” Aunque diga fresas”. Andrea Ferrari. Ed.SM

3º Trimestre: “Las lágrimas de Shiva”. César Mallorquí. Ed.Edebé LECTURAS

### LINGUA GALEGA:

1º Trimestre:”Jules Verne e a vida secreta das Mulleres planta”. Leticia Costa. Ed.Xerais

2º Trimestre: “O ceo dos afogados”. Francisco Castro. Ed. Xerais

3º Trimestre: “Ollos de auga” Domingo Villar. Ed. Galaxia



BLOCK DE EXAMES: CUADRICULADO E “TAMAÑO DIN-A4” AXENDA ESCOLAR  
DICCIONARIO PARA SECUNDARIA (Lingua castelá e galega

### MATERIAL E LIBROS 3º ESO

- LINGUA GALEGA E LITERATURA: “Operación mundo” Ed. ANAYA ISBN-978-84-143-0516-4
  - LINGUA CASTELÁ E LITERATURA: Construyendo mundos Ed. Santillana INGLÉS: Student’s book. Ed. Burlington Teamwork. ISBN-978-9925-30-468-4
  - ENGLISH WORLD: Workbook. Ed. Burlington, Teamwork. ISBN-978-9925-30-469-1
  - XEOGRAFÍA E HISTORIA: Editorial Santillana. Construindo mundos. ISBN: 978-84-9185-425-8
  - BIOLOXÍA-XEOLOXÍA: Sen libro
  - FRANCÉS: Club Parachute 3 Editorial Santillana Français Livre de l’élève ( Só libro de texto) ISBN: 978-8490-4940-11
  - CULTURA CLÁSICA: Sen libro
  - MATEMÁTICAS: Ed. Santillana. Construyendo Mundos ISBN: 978-84-680-4955-7
  - FÍSICA-QUÍMICA: Editorial Anaya, Operación Mundo. ISBN: 978-84-143-3366-2
  - MÚSICA: Sen libro
- LECTURAS LINGUA CASTELÁ:
- 1º Trimestre: “La muerte del cisne”. Fernando Lalana Ed. Alfaguara
  - 2º Trimestre: “Si tú quieres” Sonia Mirón. Ed. Círculo Rojo
  - 3º Trimestre:” Campos de fresas”. Jordi Sierra i Fabra. Ed.SM
- LECTURAS LINGUA GALEGA:
- 1º Trimestre: Jules Verne e a vida segreda das mulleres planta” Leticia Costas Ed. Xerais
  - 2º Trimestre:” Europa Express” Andrea Maceiras. Ed. Xerais 3º Trimestre: “O corazón de Xúpiter “Leticia Costas Ed.Xerais



LECTURAS INGLÉS:

- “The Ghost of Featherstone Castle”. Ed. Burlington

MATERIAL 3º ESO

MATERIALPLÁSTICA: ESCUADRA e CARTABÓN SEN BISELAR (SAFTA/ FABER CASTELL)  
COMPÁS CON RODA DE AXUSTE (FAIBO/ STAEDLER) LAPIS HB E 3H GOMA DE BORRAR E  
AFIALAPIS ACUARELAS EN PASTILLA (JOVI/ALPINO/GIOTTO) CERAS MANLEY ROTULADORES  
DE PUNTA MEDIA BLISTER DE PINCEIS DE CERDA JOVI (Numeración 4-6-8-12) BLOCK DE  
PAPEIS VARIADOS LÁMINAS DE DEBUXO DIN-A3 CARPETA TAMAÑO DIN A-3 TESOIRAS E  
PEGAMENTO EN BARRA (Moitos materiais xa os teñen de 1º ESO e poden utilizalos de  
novo) Para os exercicios de xeometría Descritiva pódense utilizar folios impresos por unha  
cara, cumprindo así o obxectivo de reciclaxe. BLOCK DE EXAMES: CUADRICULADO E  
TAMAÑO DIN-A4 AXENDA ESCOLAR

LIBROS E MATERIAL DE 4º ESO

- LINGUA CASTELÁ: Proyecto construyendo mundos Ed, Santillana ISBN:  
8431300367562
- NGLÉS: New TEAM WORK Student’s book Ed. Burlington. ISBN: 9789925304745
- TEAM WORK. WORKBOOK 4º Ed. Burlington. ISBN: 9789925304752
- LINGUA GALEGA E LITERATURA: Operación mundo Ed. Anaya ISBN: 9788414324837
- HISTORIA: Construir mundos Ed. Santillana. ISBN: 9788491857167
- EDUCACIÓN FÍSICA: Sen libro.
- PROXECTO COMPETENCIAL: Sen libro.
- MÚSICA: Sen libro.
- MATERIAS DE MODALIDADE



- MATEMÁTICAS A: Construyendo Mundos Ed. Santillana ISBN: 9788468050027
- BIOLOXÍA: Sen libro.
- FÍSICA/Química: Revuela Edit. SM ISBN: 9788498561487
- MATEMÁTICAS: B Construyendo mundos Edit. Santillana ISBN: 9788414448779
- LATÍN: Construyendo mundos Ed. Santillana ISBN: 8431300369535
- ECONOMÍA: Sen libro

#### OPTATIVAS

- FRANCÉS: Sen libro de texto. ORATORIA: Sen libro
- AXENDA ESCOLAR





## 4.12 PROGRAMACIÓN ANUAL DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

### ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS:

- Play time (Todos)
- Auxiliar nativo de conversa (Todos)
- Estratexias de Aprendizaxe e habilidades sociais (Educación Primaria e Secundaria)
- Expresión Corporal (Educación Primaria)
- Bookpros (Educación Primaria)
- Temps de parole (Educación Primaria)
- Lingua de signos (Educación Primaria)
- Mundo dixital (Educación Primaria e Secundaria)
- Hábitos Saudables (Educación Secundaria)
- Teatro escolar (Educación Primaria)
- Proxecto Erasmus (Secundaria)
- Life Hacks (Secundaria)
- Artistic world (Secundaria)

### Horario actividades complementarias:

- 1º, 2º, e 3º Primaria as 12:00
- 4º, 5º e 6º Primaria as 11:30
- 1º, 2º, 3º, 4º ESO ás 14:00



Ademais o colexio establece ao longo do curso outra serie de actividades de carácter complementario para completar e enriquecer a aprendizaxe na aula:

### **Infantil e Primaria**

- Participación libre en certames de debuxo, redacción, música, etc.
- 
- Conferencias e charlas.
- Participación no proxecto O Faro da escola
- Participación en programas educativos e obradoiros como o Programa Xogade
- Outras actividades que se poden organizar durante o curso que contribúan aos obxectivos do centro.
- Aprendizaxe e formación das aplicacións da plataforma G-Suite. Classroom.
- Participación no programa Ecohortas escolares do plan Proxecta

### **Secundaria**

- Realización de actividades culturais fóra da aula ordinaria con material adaptado.
- Realización de actividades musicais e artísticas como: creación de vídeos musicais e realización de curtos cinematográficos.
- Actividades relacionadas coa cultura anglosaxona e gala.
- Festas colexiais.
- Participación en programas de inmersión lingüística.
- Outras actividades que se poden organizar durante o curso e que contribúan aos obxectivos do centro.
- Aprendizaxe e formación das aplicacións da plataforma G-Suite. Classroom.
- Participación no proxecto Erasmus
- Participación en proxectos do Plan Proxecta como Terra



- Participación do Programa Xogade
- Participación nas Rutas Literarias, científicas e culturais

Ademais, todos os anos o colexio establece un proxecto multidisciplinar e multinivel no que participan todos os cursos do centro.

Este ano leva por título: OS PAÍSES DA CEE: CULTURA E ARTE

#### 4.13 ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

- **Inglés (Ready for a story)** : Martes e xoves Infantil de 15:30 a 16:30 horas.
- **Inglés (Trinity)**: Luns e mércores Primaria e ESO de 16:00 a 17:00
- **Obradoiro de cociña**: Mércores e xoves Infantil e Primaria de 15:30 a 17:00
- **Pintura e debuxo** : Martes e venres Primaria e ESO de 15:30 a 17 horas.
- **Patinaxe**: Luns e martes Infantil e Primaria de 15:30 a 17:00
- 
- **Cómic**: Mércores Primaria e Eso de 15:30 a 17:00
- **Música e baile tradicional**: Venres Infantil, Primaria e Eso de 15:15 a 16:15

## 5. DECRETO 130/2007 E 133/2007

### 5.1. O PLAN LECTOR

O colexio Bouza Brey tendo en conta a importancia da lectura para os nenos e mozos, planifica a principio de curso un proxecto lector para poder desenvolver ao longo do ano.

Os nenos e nenas de Educación Infantil teñen o seu primeiro contacto co mundo dos libros a través das bibliotecas de aula onde poden atopar contos con atractivas e motivadoras ilustracións ademais das lecturas en voz alta das propias profesoras. Unha vez a semana utilizan a biblioteca do centro onde posúen unha sección axeitada a súa idade e as súas necesidades.

O equipo docente coa intención de fomentar a lectura en primaria e en toda a secundaria decidiu que o alumnado do centro lese un libro trimestral en lingua castelá, outro en lingua galega e outro na primeira lingua estranxeira (inglés).

Principios que sustentan o noso plan :

1. A lectura é o eixo fundamental da aprendizaxe
2. Lemos para aprender, para buscar información, para resolver un problema ,para elaborar un traballo, e tamén para gozar da lectura como feito pracenteiro en si mesmo.
3. A biblioteca do colexio é a nosa amiga .Queremos mellorar a súa organización a súa dotación e a súa infraestrutura e darlle boa difusión para sacar o máximo partido dos recursos dispoñibles
4. Toda a comunidade educativa está implicada no desenvolvemento do plan.

#### Actuacións

Adicar tempo á lectura lectura individual e silenciosa sobre textos escollidos por niveis com biografías, xornais, revistas, cómics, obras de teatro, cancións, poemas, etc, en diferentes soportes.



- Organizar exposicións temporais de libros.
- Insertar a comunicación documental nos contidos curriculares.
- Realizar actividades de animación á lectura, tales como os contacontos.

As carencias detectadas neste ámbito son as seguintes:

- Lentitude na adquisición do proceso lectoescritor
- Falta de comprensión dos textos por parte do alumnado
- Falta de tempo de adicación á lectura fóra da escola
- Falta de estimulación das familias

Identificación de logros

- Mellora na formación do profesorado incluíndo un maior coñecemento das novas tecnoloxías.
- Concienciación da importancia da lectura.
- Vontade de incidir na lectura dende todas as áreas curriculares.
- Valoración da biblioteca como centro de recursos.
- Incidencia dende o gabinete psicopedagóxico do centro, nas dificultades que presentan os nenos neste ámbito, por medio da avaliación das mesmas.
- Probas de velocidade.
- Probas de eficacia.
- Actividades de comprensión partindo dunha metodoloxía máis global.

### Obxectivos, fundamentos e organización

- Formar lectores competentes.
- Crear e consolidar hábitos de lectura.
- Fomentar a lectura de todo tipo de textos en todos tipos de soportes con todo tipo de finalidades.
- Organizar espazos e tempos adicados á lectura.
- Aprender a expoñer na clase a súa opinión sobre dita lectura.
- Realizar diversas actividades coa finalidade de animar aos compañeiros e compañeiras á lectura, como fonte de coñecemento e lecer.
- Adquirir interese e gusto pola lectura, tanto individual como colectiva, lendo aquelas obras que poidan serlles atractivas e interesantes para o seu desenvolvemento persoal.
- Mellorar os hábitos de estudo, a capacidade de análise e de crítica.

O centro para fomentar este proxecto conta coas seguintes **estratexias**:

1. Unha biblioteca escolar. A persoa responsable da biblioteca asesora aos alumnos e alumnas dos diferentes libros que poden atopar nela e aconséllalles sobre os libros máis apropiados a súa idade. Os alumnos poden usar libros de empréstito que poden levar para a súa casa, seguindo ás indicacións do protocolo Covid do centro.
2. Semanas culturais do Libro e das Letras Galegas. Durante esas semanas que aproximadamente coinciden co día do Libro e o día das Letras Galegas, propóñense actividades de animación á lectura tales como:
  - Este é o meu libro favorito.
  - Lectura comprensiva.

- Dramatización
- Creación literaria individual e colectiva.
- Contacontos.
- Charlas con escritores.
- Libro viaxeiro.
- Caderno de bitácora.
- Recitais poéticos.

3. Encontros creativos en clubs de lectura nos que se desenvolven as seguintes didácticas:

- Comparación entre o lector e o protagonista do libro buscando a empatía .
- Fomento da imaxinación do lector facendo que cada un deles expoña o que crea que sucederá a cada un dos personaxes despois de rematar de ler o libro.
- Similitude entre o lector e o protagonista ou antagonista facendo unha análise do seu carácter valorando os que se consideren máis positivos ou negativos defendendo a súa tese.

Este proxecto ten un seguimento trimestral e será avaliado polo claustro de profesores despois do informe do responsable da biblioteca escolar e conterà cun **Plan permanente de formación do profesorado**. Este plan é fundamental para o proceso de ensinanza- aprendizaxe. Será necesario crear grupos de traballo que contribúan á aprendizaxe de carácter colectivo a través de seminarios.

Obxectivos do plan permanente de formación do profesorado:

1. Otorgar á lectura un ámbito prioritario.
2. Establecer itinerarios formativos que permitan distintos niveis de formación do profesorado.

3. Concienciar ao profesorado da importancia como mediadores dos procesos de desenvolvemento da competencia lectora e do hábito lector.
4. Impulsar o intercambio de materiais e a interdisciplinariedade.

#### Plan de avaliación:

Levarase a cabo unha **avaliación inicial** da situación do centro para observar o clima lector do centro, a implicación das familias e Anpa e a partir desta avaliación reorganizaríamos os recursos humanos e materiais. Continuaríamos cun **proceso de seguimento** envolto nunha dinámica de autoavaliación na que se analiza a metodoloxía empregada, as actitudes e motivacións do profesorado, das familias e do alumnado e a idoneidade das propostas desenvolvidas, das actuacións formativas realizadas e dos materiais e recursos empregados. Finalmente, levaríase a cabo unha **avaliación final**, na que se valoraría o progreso nos hábitos lectores, a mellora da súa competencia, o grao de consecución dos obxectivos e das actuacións propostas no plan, o aproveitamento de recursos, o grao de implicación de toda a comunidade educativa, as estratexias empregadas e, en xeral, o clima lector do centro. As conclusións da avaliación final e as propostas de mellora quedarán incluídas na memoria final do centro.

### **5.2 PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICS E AULA ABALAR**

O colexio Bouza Brey ven apostando, dende hai anos, pola introducción das TIC nos procesos de ensino-aprendizaxe. Conta cunha aula de informática con ordenadores conectados a Internet e unha impresora. Cada grupo de alumnos accede a esta aula acompañados polo profesor/a correspondente; ademais dos obradoiros de informática de Primaria e das actividades da área de Tecnoloxía de Secundaria, realízanse outras actividades como son pescuda de información, traballo con diversos programas informáticos e didácticos: Microsoft, Openoffice de software libre... Ademais unha das aulas de Infantil conta tamén cun ordenador e pizarra dixital con diverso



material didáctico adecuado a este nivel. Por outra banda, a Biblioteca escolar e as dependencias de Dirección e Secretaría tamén contan con ordenadores con conexión a Internet; a maiores, todos os profesores utilizan o portátil persoal habilitados para o WiFi codificado do centro e unha impresora de rede. As aulas de primaria e secundaria contan con pizarras dixitais e ordenadores. Existe un aula de audiovisuais que tamén funciona como salón de actos, que posúe unha televisión conectada a un ordenador. Nela, normalmente, se ven diversos documentais ou películas didácticas e se levan acabo exposicións e conferencias, nas que se empregan montaxes co Powerpoint, co Nero Premium ou outros programas de composicións. O centro tamén dispón un servizo itinerante de material dixital que se emprega nas distintas aulas segundo as necesidades de cada momento. Despois da situación provocada pola Covid- 19, o centro implantou como medio para poder realizar as clases non presenciais o emprego da plataforma G- Suite. Durante os meses de setembro e outubro ensináraselle aos alumnos como empregar esta plataforma que xa quedou implantada no noso centro e seguímola empregando hoxe en día para aqueles alumnos/as que por motivos de saúde non poden asistir ás clases presenciais. O centro dispón de páxina web ([www.colexiobouzabrey.com](http://www.colexiobouzabrey.com)) e creáronse varios Blogs coa participación do alumnado e profesorado do centro.

- ✓ Blog da Semana das Ciencias [www.cienciabouzabrey.blogspot.com](http://www.cienciabouzabrey.blogspot.com)
- ✓ Blog das Semana das Letras ([letrasbouzabrey.blogspot.com](http://letrasbouzabrey.blogspot.com)).
- ✓ Blog de Dinamización <http://www.dinamizacionbouzabrey.blogspot.com>.
- ✓ Blog de Eventos <http://www.eventosbouzabrey.blogspot.com>.
- ✓ Blog de Bouza Brey Stars <http://www.bouzabreystars.blogspot.com>.

Unha grande maioría do profesorado do centro ten coñecementos de informática a nivel de usuario (aínda que en distinto grao): manexa un procesador de textos, navegador e internet, correo electrónico, etc. Ademais, existe un grande interese pola maioría para participar nas actividades formativas e para resolver as súas dúbidas con respecto á introdución das TIC no centro.

## OBXECTIVOS

Os obxectivos **a longo prazo** que pretendemos conseguir son:

Para o alumnado:

- Favorecer un uso máis educativo dos medios.
- Espertar o interese por aprender ao apoiarse nun soporte audiovisual de comunicación e descubrir ou reforzar as aprendizaxes de aula mediante o uso destes medios.
- Adquirir estratexias intelixentes de busca, tratamento, procesamento e presentación da información e desenvolver o sentido crítico respecto á información recibida destes medios.
- Fomentar o traballo cooperativo entre o alumnado.
- Estimular a creatividade e a imaxinación utilizando estes medios de comunicación e expresión.
- Superar as barreiras xeográficas que o alumno ten para se comunicar cos seus compañeiros de clase, do colexio, doutros colexios, doutras cidades, países, etc. tanto no colexio como no seu fogar.
- Potenciar a integración do alumnado con necesidades educativas especiais mediante o manexo de materiais adaptados e flexibles.
- Familiarizarse coa nova forma de aprender que o uso destes medios aportan: formación virtual onde non é necesaria a coincidencia espacial nin temporal.
- Adquirir unha competencia dixital.

Para o profesorado:

- Coñecer e usar cos alumnos/as as TIC para descubrir e reforzar contidos curriculares e experimentar novos modelos de aprendizaxe alternativos á instrución directa tradicional.
- Diseñar programas de apoio a alumnos con necesidades educativas especiais utilizando as vantaxes destes medios.
- Mellorar o traballo titorial e de docencia, sobre todo na produción de materiais didácticos.

- Favorecer o intercambio de información con outros profesores en proxectos de innovación e investigación
- Participar en programas de formación para o uso pedagóxico destes medios no ensino diario.
- Mellorar a comunicación entre o centro-profesorado e as familias a través dos canais de internet (espazo web, correo electrónico,...), dando a coñecer o Plan de Centro, informando das actividades extraescolares,...
- Favorecer que os alumnos acaden unha competencia dixital.

### A curto prazo

A incorporación na aula das novas tecnoloxías non pode producirse de maneira inmediata xa que a sea utilización didáctica suporá a adquisición progresiva de actitudes, xeitos e coñecementos, tanto polo alumnado como, sobre todo, polo profesorado. Por iso, os obxectivos que nos propoñemos a curto prazo son:

Para o alumnado:

- Aprender o manexo básico dos sistemas operativos Windows e Linux, adaptado ás idades do alumnado dos distintos niveis educativos.
- Introducirse no uso da aplicación ofimática Microsoft (procesador de texto, folla de cálculo e presentacións).
- Aprender a buscar, seleccionar e valorar información en Internet, para usar esa información como recurso educativo, e organizala e tratala mediante medios informáticos.
- Colaborar na montaxe dos Blogs do centro.
- Utilizar programas e contornas que faciliten a aprendizaxe das diferentes áreas do currículo.

Para o profesorado

- Afondar no manexo dos sistemas operativos Windows e Linux.
- Coñecer o funcionamento básico e distribución dunha rede de ordenadores.



- Introducirse no uso da aplicación ofimática Microsoft (procesador de texto, folla de cálculo e presentacións) e descubrir as posibilidades de aplicación desta ferramenta de software ao traballo docente.
- Crear unha actitude de interese e auto-aprendizaxe no profesorado.
- Introducir as aplicacións informáticas na aula.
- Desenvolver materiais curriculares para todas as áreas no marco das novas tecnoloxías, para apoiar estratexias metodolóxicas e didácticas: creación de Webquests, Miniquests e Caza tesouros.
- Usar internet como ferramenta de busca de información no seu traballo diario e como medio de comunicación co resto da comunidade educativa.
- Facilitar o acceso da informática aos alumnos con necesidades educativas especiais e nas tarefas de apoio e reforzo de aprendizaxes.
- Seguir elaborando, coa máxima participación do profesorado, o espazo web do Centro.
- Xestión da biblioteca escolar: empréstitos e devolucións, rexistro, catalogación, estatísticas, etc.

### DESENVOLVEMENTO

#### A) Metodoloxía

As Novas Tecnoloxías na escola deben entenderse inmersas nas distintas áreas curriculares. O alumnado emprégaaas para descubrir ou reforzar aprendizaxes recollidas no currículo cotián: Ciencias Sociais ou Ciencias Naturais e Xeografía e Historia, Linguaxe, Matemáticas, etc. Propoñemos varios métodos de traballo que se levarán a cabo segundo a tarefa que se pretenda realizar:

- Proxectos de Clase: cos que se busca facilitar, mellorar ou afondar, co uso das TIC, a aprendizaxe noutras materias, ademais de afianzar as habilidades adquiridas no manexo das ferramentas informáticas.

- Blogs ou Bitácoras: pertencen a una nova xeración de ferramentas web. Nacen coa intención de proporcionar unha ferramenta para publicar e compartir ideas, fotos e mesmo vídeos a través da rede.
- WebQuests, Miniquests ou Caza tesouros: proxectos que no seu desenvolvemento empregan recursos de Internet preseleccionados polo profesor/a, de maneira que o alumno, para realizar a tarefa, se centre na utilización dos recursos e non en buscalos. Son actividades baseadas na aprendizaxe cooperativa, enfocadas á investigación nas que o alumnado busca a información basicamente en internet. Son moi dirixidas e o seu resultado final pode ser a elaboración dunha páxina web, dunha presentación con diapositivas, etc.
- Actividades para aprender Informática e uso dos recursos de internet: Actividades concretas para desenvolver competencia no uso das distintas ferramentas informáticas e da Rede.
- Programas educativos e didácticos, tanto de uso comercial como libre que poden descargarse de Internet ou para uso en liña. Estes programas reforzan ou axudan na aprendizaxe de aspectos curriculares ao tempo que resultan motivadores e lúdicos para o alumnado. Incluímos tamén neste apartado as unidades didácticas en liña. Son contidos didácticos interactivos e altamente motivadores pensados para reforzar as aprendizaxes básicas.

Para desenvolver esta metodoloxía é preciso fixar tempos e espazos para os grupos do alumnado participante:

Reservar a cada grupo de alumnos do centro un mínimo de horas, dentro do seu horario lectivo, para acudir á aula de informática, xa sexa co correspondente profesor/a, titor/a ou co profesor/a de informática. O resto do horario da aula de informática estará a disposición das necesidades do profesorado.

- Mediante previa petición e reserva, empregaranse os equipos de audiovisuais (TelevisiónVídeo ou DVD, Televisión-PC ou Canón-PC) para desenvolver nas aulas de audiovisuais calquera dos métodos anteriormente sinalados, en actividade de gran grupo.

## B) Actividades

- ✓ Uso de programas educativos.
- ✓ Crear textos, follas de cálculo e presentacións con Microsoft.
- ✓ Iniciación a Internet.
- ✓ Busca de información na web. Navegación.
- ✓ Consulta de enciclopedias dixitais.
- ✓ Consulta de dicionarios.
- ✓ Comunicación con outros compañeiros e co profesorado.
- ✓ Animación á lectura e á escritura
- ✓ Creación de bitácoras (Blogs).
- ✓ Elaboración de traballos e contos.

## C) Contidos

Trátase de utilizar un potente recurso para mellorar a nosa práctica docente e conseguir que a educación sexa máis motivadora. Sen embargo, para iso é preciso que o alumnado teña coñecemento dos equipos informáticos e como funcionan. Neste sentido, pensamos que xa dende a educación infantil o alumno/a debe ser posuidor de destrezas, habilidades e coñecementos nesta área que os irá ampliando a medida que avancen no proceso educativo.

### EDUCACIÓN PARA NEE E A DIVERSIDADE

As TIC proporcionan múltiples funcionalidades ás persoas que requiren unha atención especial, ao facilitar:

- A comunicación

- O acceso á información
- 
- O desenvolvemento cognitivo
  
- A adaptación das aprendizaxes a distintos ritmos
  
- A adaptación e a autonomía no contorno.
  
- O lecer, o traballo,...

Así, traballaranse e deseñaranse actividades que respecten os diversos ritmos da clase e que lles permitan pasar progresivamente a dificultades maiores. Polo tanto, a atención á diversidade, a integración e a colaboración, son conceptos que estarán sempre presentes na práctica docente.

Os programas e actividades de reforzo son imprescindibles para traballar coa diversidade existente na aula, afianzando conceptos básicos e ampliando outros ao tempo que respectan distintos ritmos de aprendizaxe .

### RECURSOS DO CENTRO

Foron detallados no apartado indicado como “características do centro”.

### PLAN DE AVALIACIÓN

A introdución das TIC na práctica docente supón todo un reto que necesita ser avaliado e revisado de forma constante e por todos os membros da comunidade educativa, pero con especial relevancia polo profesorado e polo alumnado.

Avaliamos:

- Obxectivos, contidos e actividades: grao de consecución e a súa adecuación.
  
- Metodoloxía.
  
- Profesorado: Grao de implicación, formación e recursos utilizados.
  
- Equipos informáticos: Avarías e deterioros.
  
- Organización e planificación.

- Coordinación docente.
- Colaboración externa: Asesor ou técnico informático, Proveedores...

Cando avaliamos:

#### Avaliación inicial

Do profesorado: nivel de formación do profesorado nas TIC.

Dos alumnos: nivel de competencia na utilización dos equipos e programas.

#### Avaliación continua

Aportará información básica que permita realizar os axustes precisos para garantir que se alcancen os obxectivos propostos.

#### Avaliación final

Grao de consecución dos obxectivos. Orientará sobre a planificación de novos obxectivos e axudará a detectar os obxectivos acadados e os incumpridos, así como as estratexias que deberán adoptarse para alcanzar os non conseguidos.

## 6. PLAN DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

A formación do profesorado debe procurar unha boa formación continua sobre o manexo das ferramentas tecnolóxicas e tamén unha formación didáctica que lle proporcione un “bo saber facer pedagóxico” coas TIC. O coñecemento dos servizos que proporciona Internet constitúe unha parcela relevante das competencias en TIC que debe ter o profesorado, sen esquecer competencias TIC específicas do seu campo profesional, moi especialmente a aplicación de instrumentos tecnolóxicos con fins didácticos para facilitar as aprendizaxes. Así, potenciaremos a realización de actividades no propio centro para a formación de todos os membros do claustro atendendo os diferentes niveis e necesidades, á vez que difundiremos entre o profesorado os medios dispoñibles en Internet para tal fin (autoformación).



A formación do profesorado estará baseada en:

- ✓ Manexo de Windows e Linux
- ✓ Formación e cursos en lingua inglesa
- ✓ Formación en dificultades de aprendizaxe: alumnos TEA
- ✓ Iniciarse no uso do procesador de textos, follas de cálculo e presentacións de Microsoft.
- ✓ Internet: navegación, correo electrónico...
- ✓ Importancia dunha páxina Web
- ✓ Creación de bitácoras ou Blogs
- ✓ Creación de materiais (Webquests, Miniquests e Caza tesouros)
- ✓ Xestión da Biblioteca escolar

Ao longo do curso 2010- 2011, comezamos a nosa andaina no plan Abalar. Tras dous anos de formación, o uso das tecnoloxías na aula é algo ordinario sendo cada vez máis frecuente e variado. O centro conta con catro aulas abalar, (5º e 6º de primaria e 1º e 2º de ESO) que afectan a unha media de 100 alumnos.

Promocionamos a formación continua dos mestres no eido das tecnoloxías aplicadas á educación, ben sexa de forma presencial ou a distancia, a través das propostas formativas dependentes da Consellería de Educación para profundizar na adquisición das habilidades necesarias para un maior aproveitamento do uso do encerado dixital e do software incluído nos portátiles abalar.

A demanda desta formación vén dos propios mestres para poder facer fronte ao cambio de metodoloxía educativa que se vén dando para dar resposta a unha nova realidade social, na que as tecnoloxías son un eixo fundamental.

Así mesmo a inclusión progresiva nas aulas do centro (tanto abalar como non abalar) de encerados dixitais e ordenadores fai necesaria a formación dos mestres como eixo vertebrador do proceso de cambio.



No momento actual faise uso dos encerados e dos ordenadores e parte do profesorado comeza xa a elaborar materiais propios adaptados aos alumnos e ás necesidades formativas que presentan.